

Proposta de actividades VOLUNTARIAS E ABERTAS, por favor, son **SUXESTIÓNS**.


«Paréceme ter sido só un neno xogando na beira do mar, divertíndose e buscando unha pedra máis lisa ou unha cuncha máis bonita do normal, mentras o gran océano da verdade xacía ante os meus ollos con todo por descubrir»

Isaac Newton

CIENCIA. GLOBO FOGUETE

Materiais:

- 1 globo.
- 1 fío longo de la.
- 1 palliña recta, non flexible (se ten para dobrar córtalle esa parte).
- Cinta adhesiva.
- Opcionalmente: tesoura e rotulador permanente (no caso de que a palliña que teñas na casa sexa flexible terás que cortala para que sexa recta. O rotulador para decorar o globo).



Preparación:

- Introduce o fío dentro da palliña.
- Elixe dous puntos onde poidas atar o fío para que quede horizontal con respecto ao chan.
- Ata o fío tenso para que non quede curvado.
- Corta trozos de cinta adhesiva.
- Incha o globo e sen soltalo, podes decoralo neste momento, pegao na palliña coa cinta adhesiva.
- 3, 2, 1 DESPEGUE!! SOLTA O GLOBO...

Que pasou?

Cando soltamos o globo, o aire sae con moita forza, creando unha forza igual no globo pero en sentido contrario.


Esta forza fixo que o globo avanzara cara adiante. O fío e a palliña serven para definir a súa dirección. Dicimos que é un globo foguete xa que os foguetes funcionan de xeito parecido. Os gases dos foguetes espaciais que saen do motor a gran velocidade empuxan o foguete cara adiante.

Outra información:

A maioría dos foguetes espaciais están compostos por dúas ou tres etapas. Cando unha etapa consume todo o seu combustible sepárase para eliminar peso e seguir avanzando.

“Superinformación:”

Neste experimento amósase a **terceira lei de Newton ou principio de acción e reacción**. “Sempre que un obxecto exerce unha forza sobre outro obxecto, este exerce unha forza de igual magnitude e dirección pero en sentido oposto sobre o primeiro” (o que acaba de pasar co teu globo).



ELABORAMOS UN “MANDALA” NATURAL:

Crear “mandalas” con nenos e nenas é unha ferramenta perfecta para traballar a atención, a concentración, a psicomotricidade fina, o traballo individual ou en equipo, a creatividade, a imaxinación e o seu propio benestar (centran a atención nunha soa actividade creativa e reduce o estrés).

Ademais tamén traballamos xeometría, cores, vocabulario, números, etc.

E se a todo isto lle engadimos o traballar con **elementos naturais** para crear o “mandala” desde 0 (do centro ao exterior) conseguiremos unha actividade moi completa.

Se tedes xardín ou horta podedes recoller elementos da natureza coma follas, flores, paus, pedras, sementes, etc.

Se non tedes, respectando as indicacións sanitarias sobre o coronavirus, podedes empregar materiais que teñades na casa, a cociña pode ser un bo sitio para atopar cousas para o “mandala” (pasta, legumes, sementes, verduras, froita...) e tamén elementos como pinzas da roupa, tapas de envases... non será un “mandala” tan natural pero seguro que igual de creativo e vistoso.

Poño unhas fotos a modo de exemplo, moito mellor crear o voso propio “mandala”, estes só serven de inspiración:



Quen queira pode enviar fotos ao mestre ao correo infantilagustin@gmail.com ou ao meu whatsapp.

- Continuamos co rincón de Luca: <http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=rinconluca> e smartick: <https://www.smartick.es> e <https://es.ixl.com/math/infantil> (agora mesmo é gratis para as familias afectadas polo peche dos edificios das escolas).
Tedes á vosa disposición actividades para entreterse cos números, clasificacións, medidas, figuras en dúas dimensións... adaptadas ao nivel de cada neno ou nena.
- Lembrade continuar cunha **rutina diaria**.
- Empregamos os **números nas actividades cotiás**.



CONTO PARA TRABALLAR A EDUCACIÓN EMOCIONAL:

- **OS DE ARRIBA E OS DE ABAIXO.** De Paloma Valdivia (texto e ilustracións) e Manuela Rodríguez.
Teñades ou non o conto en formato libro podedes velo contado por **BELÉN ARIAS GARCÍA** en KalandrakaTV:

<http://www.kalandraka.tv/gl/video/arribaabaixo>

Moita saúde e saúdos.

Agustín.